



Concello de
OURENSE
Deportes

REGULAMENTOS CARREIRA SAN MARTIÑO

A XXXVI Carreira Pedestre Popular do San Martiño, organizada polo Concello Municipal de Deportes de Ourense, celebrarase o domingo día 18 de novembro de 2012.

Regulamento xeral

1.- A saída da Carreira Absoluta darase na Ponte do Milenio ás 11.00 horas. A liña de meta estará situada no Pavillón dos Remedios.

2.- O percorrido será de 10.000 metros e discorrerá polas seguintes rúas da cidade: Saída da Ponte do Milenio, Avda. Xesús Pousa, Praza da Estación, Avda. das Caldas, Ponte Vella, Progreso, Tras Alameda, Dr. Fleming, Ervedelo, Avda. de Portugal, Avda. de Marcelo Macías, Avda. de Zamora, Bonhome, Galicia, Fernández-Oxea, Lugo, Padre Feijoo, Colón, Moratín, Obispo Carrascosa, Praza Maior, Lamas Carvajal, Paseo, Curros Enríquez, Avda. da Habana, Cardenal Quevedo, Avda. Rodríguez Castelao, Avda. Otero Pedrayo, Curros Enríquez, Ponte Nova, Avda. de Marín, Vicente Risco, Francisca Herrera, Avda. De Santiago, Avda. das Caldas, Ponte Vella e Pardo de Cela. Proba oficial da FGA.

3.- Ao longo do percorrido, a Organización establecerá controis. O peche dos controis e dos avituallamentos quedan establecidos do seguinte xeito: o primeiro control pecha aos 5 minutos da saída, o segundo control pecha ás 11:45h, o terceiro control pecha ás 12:10h e o control de chegada pecha unha hora despois de que entre o primeiro corredor clasificado.

4.- O prazo de inscrición é desde o 24 de outubro ata o 12 de novembro. As inscricións realizaranse a través das páxinas web [www.ourense.es] e [www.championchipnorte.com] facendo constar todos os datos requiridos no procedemento de inscrición.

A corrección de erros poderase facer durante o período de inscrición a través da páxina web e despois de pechar o prazo de inscrición o sábado previo á carreira na entrega e comprobación de chip, entre as 10 e as 20h.

A Organización non se fai responsable das consecuencias que se deriven dunha inscrición defectuosa e/ou errónea por parte do corredor ou en quen delegue.

5.- A recollida de chips (agás os que teñen chip en propiedade) e dorsais é o sábado día 17 desde as 10 ata as 20 horas na Cancha Central do Pavillón dos Remedios. Con carácter extraordinario poderanse recoller o domingo día 18 de 8 a 10 horas. Se a inscrición se realiza como club ou colexio, a recollida de chips e dorsais será do mesmo xeito, nunca de maneira individual.



Os propietarios de chip amarelo poderán recoller o dorsal en puntos próximos ó seu domicilio.

6.- O chip entregado a cada participante deberá ser colocado nos cordóns das zapatillas antes de dar a saída, e deberá ser devolto tras a participación. Os corredores que non o leven non entrarán nas clasificacións.

7.- Segundo as normas de Competición da FGA autorízase a participación de atletas federados “estranxeiros” con licenza pola Federación Galega de Atletismo. Se non teñen licenza pola FGA só se autorizará a súa participación se se trata de:

- atletas portugueses, sempre e cando non foran internacionais polo seu país nos últimos 5 anos e na mesma distancia.
- atletas residentes en Galicia, que deberán xustificar con permiso de residencia ou traballo.

En ambos casos o atleta debe ter permiso da Federación Nacional do seu país de acordo coa normativa IAFF e mostralo se fose requirido.

O feito de inscribirse nesta carreira supón unha declaración responsable por parte do atleta de cumprir estes requisitos, aínda que se obtén un premio, deberá presentar a documentación que permita acreditar estes supostos nun prazo máximo de 5 días.

8.- Establécense categorías para mulleres e homes con clasificacións diferenciadas. As categorías corresponden aos nados nos anos indicados:

CATEGORIAS HOMES E MULLERES

- Júnior 1994 e 1995
- Promesa 1991, 1992, 1993
- Sénior 1990 ata veteranos
- Veteranos/as A M-35 W-35
- Veteranos/as B M-40 W-40
- Veteranos/as C M-45 W-45
- Veteranos/as D M-50 W-50
- Veteranos/as E M-55 W-55
- Veteranos/as F M-60 W-60
- Veteranos/as G M-65 e posteriores W-65 e posteriores

9.- **Premios:** Trofeos para os/as tres primeiros/as clasificados/as “absolutos” e “ourensáns”; trofeo ó/á primeiro/a clasificado/a de cada categoría; camisetas para todos os participantes que crucen a liña de meta co control aberto e que entreguen o chip alugado, ata esgotar existencias.



Clasificación “absoluta”	Clasificación “ourensáns”
1º posto: trofeo e 1.000 €	1º posto: trofeo e 200 €
2º posto: trofeo e 700 €	2º posto: trofeo e 150 €
3º posto: trofeo e 500 €	3º posto: trofeo e 100 €
4º posto: 300 €	
5º posto: 200 €	

Para optar ao premio de ourensáns, o atleta será nado ou empadroado no Concello de Ourense.

Premio especial: 500€ polo récord da proba, tanto na categoría masculina como feminina (Homes: 28'49" ano 2010, Mulleres: 32'45" ano 2010).

Os premios non son acumulables agás o premio especial polo récord.

10.- A entrega de trofeos terá lugar ás 13 horas na cancha central do Pavillón dos Remedios e a entrega dos premios económicos nas oficinas do mesmo lugar.

11.- Para poder recoller os premios deberase xustificar documentalmente o ano de nacemento dos atletas, por medio do DNI os españois ou documento legal en vigor (pasaporte) os estranxeiros.

12.- Os participantes deberán situarse por detrás da liña de saída 15 minutos antes do comezo da proba, atendendo en todo momento, as indicacións da organización.

Reservarase unha zona na saída para as mulleres.

Reservaranse 200 postos para os/as atletas que teñan unha marca inferior a 36 minutos na carreira do San Martiño do ano anterior (2011). En caso de que o corredor non participara nesa edición a organización tomará a decisión que estime máis oportuna previa recepción da solicitude onde o atleta faga constar os seus datos persoais, o nome e a data da competición.

13.- Está prohibido o acompañamento dos participantes por vehículos de axuda.

14.- O percorrido estará sinalizado cada quilómetro.

15.- Esta proba pertencen ó calendario da Federación Galega de Atletismo e estará controlada polo Comité Galego de Xuíces e Cronometradores da FGA (Delegación de Ourense).

16.- As reclamacións deberán ser feitas verbalmente ao xuíz árbitro non máis tarde de 30 minutos despois de comunicarse oficialmente os resultados.



17.- O control das inscricións, dorsais, chips, resultados e secretaría será realizado por procedementos automatizados.

18.- Será motivo de descualificación, entre outros, os seguintes aspectos: non realizar todo o circuito da carreira, non levar dorsal ou manipulalo, falsificar datos persoais e a suplantación de identidade.

19.- O feito de participar nesta carreira implica a aceptación deste regulamento e dá dereito á organización para poder facer uso das imaxes do evento para a súa utilización.

20.- Todo o non disposto neste regulamento rexeráse polas Normas de Competición da FGA para a presente tempada, así como todo o regulamentado por instancias superiores.

Regulamento escolares

1.- Esta carreira está reservada para todos os nenos/as nados en 1996 e seguintes que participen de forma individual e para todos os centros escolares, tanto públicos coma privados.

2.- A inscrición farase preferentemente a través dos colexios en [www.ourense.es]. De xeito individual, os corredores con DNI inscribíranse a través de [www.ourense.es] e [www.championchipnorte.com] e os corredores sen DNI nas oficinas do Pavillón dos Remedios, C/ Pardo de Cela número 2.

3.- Esta proba dará comezo ás 12.30 horas, con saída na Ponte do Milenio e meta na rúa Pardo de Cela. O percorrido será de 4.500m, e discorrerá polas seguintes rúas: Ponte do Milenio, Basilio Álvarez, Avda. das Caldas, Ponte Vella, Progreso, Praza de Pontevedra, Lamas Carvajal, Paseo, Curros Enríquez, Ponte Nova, Ribeira de Canedo, Ponte Vella e Pardo de Cela.

4.- Establécense as mesmas categorías para homes e mulleres, son as seguintes:

Alevín: Nados en 2002 e 2003
Infantil: Nados en 2000 e 2001
Cadete: Nados en 1998 e 1999
Xuvenil: Nados en 1996 e 1997



5.- Estableceranse clasificacións individuais e por colexios

- Clasificación individual:

Trofeo aos tres primeiros atletas de cada categoría, tanto masculina como feminina.

- Clasificación por colexios:

Premio de 120 € en material deportivo para todos os colexios que presenten un mínimo de 25 deportistas na chegada.

Ademáis, os 6 primeiros colexios clasificados de Primaria e os 6 primeiros colexios clasificados de Secundaria e Bacharelato recibirán premios en material deportivo: 1º 300€, 2º 250€, 3º 200€, 4º 150€, 5º 120€ e 6º 100€.

- Camisetas para todos os participantes que crucen a liña de meta e que entreguen o chip alugado, ata esgotar existencias

6.- No momento de retirar os dorsais, o delegado do colexio, necesariamente un adulto, recibirá as indicacións precisas para o mellor desenvolvemento da proba, debendo recoller e devolver os chips dos seus participantes. Todos os inscritos que participan con chip de aluguer teñen a obriga de devolvelo ao remate da proba.

7.- A proba pedestre para menores, salvo no especificado neste regulamento, rexerese polo regulamento xeral da XXXVI Carreira Pedestre Popular do San Martiño.

8.- Os adultos que acompañen ós nenos e nenas no percorrido escolar non entrarán na clasificación.

Centro de Información da proba:

Consello Municipal de Deportes
Oficinas do Pavillón dos Remedios
C/ Pardo de Cela número 2, 32003 Ourense

Teléfono: 988 370 539

deportes@ourense.es